

# **XI CERTAME ESCOLAR DE DEBUXO “EDUCAR PARA PREVIR”**

## **“A presión da PUBLICIDADE no consumo”**

SERVICIO MUNICIPAL DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS.

CONCELLO DE LUGO

### **1. TEMA: “PUBLICIDADE E CONSUMO”**

Os traballos reflectirán a visión dos participantes en relación á presión que os medios de comunicación (en todas as súas modalidades) exercen nos hábitos de vida das persoas e especificamente, na creación de necesidades inexistentes, na satisfacción rápida dos desexos, no consumo abusivo e moitas veces innecesario, na perda de valores, etc... Xunto á calidade artística, tamén se valorará a imaxinación, orixinalidade e a creatividade dos traballos.

### **2. PARTICIPANTES**

Este certame está dirixido a tódolos nenos que cursen Educación **Primaria** en tódolos colexios do municipio de Lugo. Os centros que non teñan feita dita división da escolaridade, como os centros de Educación Especial, tamén poderán participar.

### **3. PRESENTACIÓN DOS TRABALLOS**

Os traballos deberán presentarse en cartulinas que lles serán dadas con anterioridade polo Concello, unha vez que nos indique o nº de alumnos/as participantes por curso e escola. En tódolos traballos deberán constar unha serie de datos identificativos que incluírán: Nome e apelidos, dirección, teléfono, idade, curso, e colexio. As cartulinas entregadas polo Concello serán as únicas onde se poderá realizar os debuxos e as únicas válidas para poder incluírse no certame. Non se poderá presentar máis de un debuxo por neno/-a. Pódese utilizar calquera material para a súa elaboración.

#### **4. PRAZO DE INSCRIPCIÓN**

O día **17 de Outubro** é a data límite para facernos chegar o nº de alumnos/as de Primaria que participarán no Certame (indicando o nome do titor responsable de cada curso). Para iso, poden utilizar o modelo que se anexa a esta circular, e enviala por fax: 982.284813, ou chamar ó 982.284816, preguntando por Lydia ou Fran. Incluso poden facer chegar a “folla de pedido de láminas” a través da páxina web do Concello de Lugo, entrando na Concellería de Muller e Benestar Social e baixando o documento desde o ámbito de “profesionais” ([www.concellodelugo.org](http://www.concellodelugo.org)).

#### **5. PRAZO DE ENTREGA**

O día **18 de Novembro** será a data límite de recollida dos debuxos. A entrega dos mesmos poderase facer ben por correo normal, ou ben entregándoos persoalmente nas oficinas do Servicio de Prevención de Drogodependencias sitas no Centro Sociocultural Uxío Novoneyra, 3ª planta, na Rúa Quiroga Ballesteros, nº 1 de Lugo (frente o edificio da plaza de Abastos).

#### **6. XURADO**

O xurado será nomeado polo Excmo. Concello de Lugo, e contará con persoal especializado no tema. O fallo será inapelable. No mes de **Decembro** os rapaces premiados serán avisados, así coma os centros os que pertencen, indicándoselles o día, lugar e hora de entrega de premios. Á entrega de premios poderán acudir os directores, titores e os pais dos alunos premiados. Será o día **19 de Decembro**, ás 19:30 horas, no Salón de Actos do Centro Social Uxío Novoneyra.

#### **7. PREMIOS.**

Daranse 24 premios ós mellores traballos. Con tódolos traballos seleccionados **elaborarase o calendario anual correspondente ó ano 2006** que será editado e distribuído polo Concello de Lugo a tódolos centros educativos.